

PRESENTACIÓN DOS LIBROS
FABULARIO NOVO E MAR DE OTRA LUZ
DE MANUEL CUÑA NOVÁS

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo mércores 10 de xuño de 2009, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” Pazo de Vila Melania (Vilaboa - Culleredo), o acto de presentación dos libros *Fabulario Novo*, e *Mar de outra luz*, de Manuel Cuña Novás, editados pola Fundación Cuña-Casasbellas “Fabulario Novo-Hipofanías”.

No transcurso do acto tomarán a palabra:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura
Miguel Ángel Cuña, editor, da “Fundación Cuña-Casasbellas”.
Xosé Luis Axeitos, académico da Real Academia Galega.
Osmundo Barros, deseñador gráfico.

Hai uns meses tivemos ocasión de presentar en Culleredo *Serpigo*, o libro alboreal de Jorge Cuña Casasbellas.

Nesta ocasión, facémolo cunha nova edición de libros do seu pai, Manuel Cuña Novás: *Fabulario Novo*, unha das primeiras obras publicadas en galego logo da Guerra Civil, e *Mar de outra luz*, que recolle poemas e textos en prosa escritos a partir de 1945; edición que conta cun estudo introdutorio do académico da Real Academia Galega Xosé Luis Axeitos e ilustracións do artista Xosé Luís de Dios.

A Fundación Cuña-Casasbellas “Fabulario Novo-Hipofanías” sorpréndenos con esta fermosísima edición, unha xoia bibliográfica.

Manuel Cuña Novás

Manuel Cuña Novás naceu en Pontevedra o 1 de xuño de 1924, e faleceu o 18 de maio de 1992. Ten unha rúa dedicada na cidade.

Pasa a primeira infancia na súa cidade natal ata o período republicano, no que a súa familia (os seus pais eran mestres) trasládase a Ciudad Real, onde os sorprende a Guerra Civil. El consegue escapou a Pontevedra, onde pasará anos difíciles, mentres o seu pai, fuxindo da represión, marchaba ao exilio.

Xa na adolescencia escribe os seus primeiros poemas. Casará, con apenas 19 anos, con Josefina Casasbellas, tendo a parella dous fillos: Miguel Ángel e Jorge. Son estes tempos tamén de estreita amizade co poeta Virgilio Nóvoa Gil.

En 1951 viaxa a Francia (país no que residirá uns meses), cunha beca da Deputación Provincial de Pontevedra (mesmo chegará a traballar nun crematorio). En París encontra figuras que nunca esquecerá: Sartre, Camus, Edith Piaf, Paul Eluard...

De regreso en Pontevedra, en 1952 sacaría do prelo, en galego, *Fabulario novo*, na editorial “Benito Soto”, que creou unha nova tendencia, unha nova corrente na lírica galega, a chamada *Escola da Tebra*, relacionada cos movementos de pensamento contemporáneo e co existencialismo. A crítica literaria refírese a Cuña como un construtor poético de tradición suprarrealista nun clima de existencialismo, onde a palabra sombriza afoga os datos lóxicos da comunicación. Sinala tamén, na súa poesía, a influencia da lírica medieval e de autores como Neruda, Aleixandre, Bouza Brey ou Cunqueiro. O propio Cuña recoñecía como mestres a Holderling, Rilke ou Rimbaud.

(De *Fabulario Novo* sairían posteriormente novas edicións: unha facsímile, da Deputación de Pontevedra, e outra na Editorial Vía Láctea, con algúns poemas novos).

Logo iría espallando as súas coñecidas “follas voandeiras”, con poemas en castelán, e traballaría no *Diario de Pontevedra*, onde era redactor. Tamén colaboraría en publicacións como *Ciudad, Sonata Gallega, Finisterre, El Pueblo Gallego, Litoral...*

Dende 1952, cando publicara *Fabulario Novo*, Cuña non deu nada ao prelo ata que no ano 1977 rompe o seu silencio publicando, en edición non venal, o poema *Canto e fuga da irmandade sobre da terra e da morte*, inspirado nas terras do Courel.

Outro libro que recolle poemas en castelán é *La Pasión en el Tiempo*, publicado na colección Hipocampo Amigo.

Logo de diversas ocupacións laborais, como mariñeiro, sería Xefe do Negociado de Cultura do Concello de Pontevedra, presidente da Agrupación Comarcal do Partido Socialista de Galicia en Pontevedra (membro da corrente Izquierda Socialista), afiliado á UGT e membro do Ateneo pontevedrés.

Foi senador electo por Pontevedra (28-10-1982) polo PSdeG-PSOE, formando parte do Grupo Parlamentario Socialista. Nesa lexislatura foi vogal da “Comisión de Autonomías e organización e administración territorial” e vogal na “Comisión especial de investigación dos traballadores españois emigrados en Europa”.

Volveu ser elixido senador por Pontevedra (22-6-1986), polo PSdeG-PSOE, formando parte do Grupo Parlamentario Socialista. Na Cámara foi vogal da “Comisión de Autonomías e organización e administración territorial”, vogal da “Comisión de Peticións”, vicepresidente 1º da “Comisión de relacións co Defensor do Pobo e dereitos humanos” e vogal da “Comisión de seguimento do Fondo de Compensación Interterritorial”.

De novo volve saír elixido senador por Pontevedra (29-10-1989) polo PSdeG-PSOE, formando parte uns día do Grupo parlamentario “Senadores Nacionalistas Vascos” e xa pouco despois do Grupo Parlamentario Socialista. Nesa lexislatura foi vogal da “Comisión de Peticións” e vicepresidente 1º da “Comisión de relacións co Defensor do Pobo e dereitos humanos”. Non rematou a lexislatura debido ao seu falecemento.

Culleredo, 8 de xuño de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez